

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E  
CUALIFICACIÓN DO  
DEPARTAMENTO DE FÍSICA E  
QUÍMICA

CURSO 2023/2024

CENTRO: IES CASTRO ALOBRE  
CURSO: 2023/2024  
MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA  
DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA  
DATA: 28/09/2023

## **2º ESO – Física e Química**

### **Avaliación Inicial**

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 3ºESO).
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de cursos anteriores. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

### **Criterios de cualificación**

O curso, en relación ás cualificacións, divídese en tres trimestres (ou avaliacións).

A cualificación dun trimestre realizarase do seguinte xeito:

#### 1. Cualificación procedente de táboas de indicadores:

- Prácticas de laboratorio e elaboración de informe correspondente. Na táboa de indicadores terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao desenvolvemento da actividade de laboratorio e do 50% correspondente ao informe. A cualificación desta parte simbolízase por L. De facerse máis dunha práctica no trimestre, L será o resultado da media.

- En caso de realizarse algún proxecto de investigación, na correspondente táboa de indicadores, terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao documento producido e do 50% correspondente á súa presentación ou exposición. A cualificación desta parte simbolízase por I.

A cualificación (TI) desta parte no trimestre será:

$TI=(L+I)/2$  (no caso de haber proxecto) ou  $TI=L$  (no caso de haber só prácticas no trimestre).

2. Cualificación procedente de probas escritas:

- Realizarase unha proba escrita (control) a metade do trimestre, sobre os criterios de avaliación contemplados nesa parte do trimestre (entre unha e dúas unidades, máis a transversal). A cualificación desta parte simbolízase por C.

- Realizarase outra proba escrita (exame) ao final do trimestre, sobre os criterios contemplados na segunda parte do trimestre (unha ou dúas unidades, máis a transversal). (A cualificación desta parte simbolízase por E).

A cualificación (PE) desta parte no trimestre será:

$PE=0,5 \cdot C+0,5 \cdot E$

A cualificación do trimestre (T) será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):

$T=0,30 \cdot TI+0,70 \cdot PE$

Considerarase superado un trimestre se T é igual ou maior que 5,0.

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das tres cualificacións dos trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza).

## **Criterios de recuperación**

Se rematado un trimestre, T é menor que 5, o alumno ou alumna terá que recuperar dito trimestre. Neste caso, pódense dar dúas situacións:

- Trimestre non superado, con PE ou E maior ou igual a 5,0. Terá que recuperar a parte correspondente á cualificación TI. Esta recuperación poderá facerse mediante as prácticas ou proxectos pendentes por facer do curso (aínda que a cualificación do trimestre non varía).

- Trimestre non superado, con PE e E menor que 5,0. Pode conservar a cualificación TI e terá que realizar unha proba escrita (exame de recuperación). A cualificación desta parte simbolízase por ER. A cualificación do trimestre trala recuperación, TR, será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):

$$TR=0,30 \cdot TI+0,70 \cdot ER$$

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das cualificacións dos tres trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza) e considerárase superada a materia se este valor é igual ou maior que 5.

En todo caso, alumnado con todas as PE ou E, ou ben ER, maior ou igual a 5,0 e parte TI superada, terá a materia superada con cualificación mínima de 5.

Antes do remate do período ordinario do curso, de non superar a materia, o alumnado terá opción de recuperar de novo algún dos trimestres non superados, para logo ser avaliado nas mesmas condicións que trala primeira das recuperacións.

Rematado o período ordinario, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria que se realizará mediante proba escrita única sobre o total de criterios de avaliación contemplados durante o curso.

## **3º ESO – Física e Química**

### **Avaliación Inicial**

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 2ºESO).
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 2º ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

### **Criterios de cualificación**

O curso, en relación ás cualificacións, divídese en tres trimestres (ou avaliacións).

A cualificación dun trimestre realizarase do seguinte xeito:

1. Cualificación procedente de táboas de indicadores:

- Prácticas de laboratorio e elaboración de informe correspondente. Na táboa de indicadores terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao desenvolvemento da actividade no laboratorio e do 50% correspondente ao informe. A cualificación desta parte simbolízase por L. De facerse máis dunha práctica no trimestre, L será o resultado da media.

- En caso de realizarse algún proxecto de investigación, na correspondente táboa de indicadores, terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao documento producido e do

50% correspondente á súa presentación ou exposición. A cualificación desta parte simbolízase por I.

A cualificación (TI) desta parte no trimestre será:

$TI=(L+I)/2$  (no caso de haber proxecto) ou  $TI=L$  (no caso de haber só prácticas no trimestre).

2. Cualificación procedente de probas escritas:

- Realizarase unha proba escrita (control) a metade do trimestre, sobre os criterios de avaliación contemplados nesa parte do trimestre (entre unha e dúas unidades, máis a transversal). A cualificación desta parte simbolízase por C.

- Realizarase outra proba escrita (exame) ao final do trimestre, sobre os criterios contemplados na segunda parte do trimestre (unha ou dúas unidades, máis a transversal). (A cualificación desta parte simbolízase por E).

A cualificación (PE) desta parte no trimestre será:

$$PE=0,5 \cdot C+0,5 \cdot E$$

A cualificación do trimestre (T) será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):

$$T=0,25 \cdot TI+0,75 \cdot PE$$

Considerarase superado un trimestre se T é igual ou maior que 5,0.

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das tres cualificacións dos trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza).

## **Criterios de recuperación**

Se rematado un trimestre, T é menor que 5, o alumno ou alumna terá que recuperar dito trimestre. Neste caso, pódense dar dúas situacións:

- Trimestre non superado, con PE ou E maior ou igual a 5,0. Terá que recuperar a parte correspondente á cualificación TI. Esta recuperación poderá facerse mediante as prácticas ou proxectos pendentes por facer do curso (aínda que a cualificación do trimestre non varía).

- Trimestre non superado, con PE e E menor que 5,0. Pode conservar a cualificación TI e terá que realizar unha proba escrita (exame de recuperación). A cualificación desta parte simbolízase por ER. A cualificación do trimestre trala recuperación, TR, será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):

$$TR=0,25 \cdot TI+0,75 \cdot ER$$

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das cualificacións dos tres trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza) e considerarase superada a materia se este valor é igual ou maior que 5.

En todo caso, alumnado con todas as PE ou E, ou ben ER, maior ou igual a 5,0 e parte TI superada, terá a materia superada con cualificación mínima de 5.

Antes do remate do período ordinario do curso, de non superar a materia, o alumnado terá opción de recuperar de novo algún dos trimestres non superados, para logo ser avaliado nas mesmas condicións que trala primeira das recuperacións.

Rematado o período ordinario, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria que se realizará mediante proba escrita única sobre o total de criterios de avaliación contemplados durante o curso.

## **4º ESO – Física e Química**

### **Avaliación Inicial**

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 3ºESO).
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 3º ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

### **Criterios de cualificación**

O curso, en relación ás cualificacións, divídese en tres trimestres (ou avaliacións).

A cualificación dun trimestre realizarase do seguinte xeito:

#### 1. Cualificación procedente de táboas de indicadores:

- Prácticas de laboratorio e elaboración de informe correspondente. Na táboa de indicadores terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao desenvolvemento da actividade no laboratorio e do 50% correspondente ao informe. A cualificación desta parte simbolízase por L. De facerse máis dunha práctica no trimestre, L será o resultado da media.

- En caso de realizarse algún proxecto de investigación, na correspondente táboa de indicadores, terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao documento producido e do

50% correspondente á súa presentación ou exposición. A cualificación desta parte simbolízase por I.

A cualificación (TI) desta parte no trimestre será:

$TI=(L+I)/2$  (no caso de haber proxecto) ou  $TI=L$  (no caso de haber só prácticas no trimestre).

2. Cualificación procedente de probas escritas:

- Realizarase unha proba escrita (control) a metade do trimestre, sobre os criterios de avaliación contemplados nesa parte do trimestre (entre unha e dúas unidades, máis a transversal). A cualificación desta parte simbolízase por C.

- Realizarase outra proba escrita (exame) ao final do trimestre, sobre os criterios contemplados na segunda parte do trimestre (unha ou dúas unidades, máis a transversal). (A cualificación desta parte simbolízase por E).

A cualificación (PE) desta parte no trimestre será:

$$PE=0,5 \cdot C+0,5 \cdot E$$

A cualificación do trimestre (T) será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):

$$T=0,20 \cdot TI+0,80 \cdot PE$$

Considerarase superado un trimestre se T é igual ou maior que 5,0.

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das tres cualificacións dos trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza).

## **Criterios de recuperación**

Se rematado un trimestre, T é menor que 5, o alumno ou alumna terá que recuperar dito trimestre. Neste caso, pódense dar dúas situacións:

- Trimestre non superado, con PE ou E maior ou igual a 5,0. Terá que recuperar a parte correspondente á cualificación TI. Esta recuperación poderá facerse mediante as prácticas ou proxectos pendentes por facer do curso (aínda que a cualificación do trimestre non varía).

- Trimestre non superado, con PE e E menor que 5,0. Pode conservar a cualificación TI e terá que realizar unha proba escrita (exame de recuperación). A cualificación desta parte simbolízase por ER. A cualificación do trimestre trala recuperación, TR, será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):

$$TR=0,20 \cdot TI+0,80 \cdot ER$$

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das cualificacións dos tres trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza) e considerarase superada a materia se este valor é igual ou maior que 5.

En todo caso, alumnado con todas as PE ou E, ou ben ER, maior ou igual a 5,0 e parte TI superada, terá a materia superada con cualificación mínima de 5.

Antes do remate do período ordinario do curso, de non superar a materia, o alumnado terá opción de recuperar de novo algún dos trimestres non superados, para logo ser avaliado nas mesmas condicións que trala primeira das recuperacións.

Rematado o período ordinario, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria que se realizará mediante proba escrita única sobre o total de criterios de avaliación contemplados durante o curso.

## **4º ESO PDC – Ámbito Científico-Tecnolóxico**

### **Avaliación Inicial**

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 3ºESO).
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 3º ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

### **Criterios de cualificación**

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 60% da nota da avaliación.

O outro 40%, vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, correspondentes á unidade didáctica 1, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Prácticas de laboratorio
- Traballos cooperativos
- Traballos individuais
- Caderno de aula
- Proxecto científico

- Fichas de actividades de consolidación

- Fichas de actividades de reforzo

- Fichas de actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

60% probas escritas

40% táboas de indicadores

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

### **Crterios de recuperación**

Cando unha/un alumna/o non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Cando unha/un alumna/o teña dúas ou tres avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer unha proba extraordinaria baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades correspondentes. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

## **1º Bacharelato – Física e Química**

### **Avaliación Inicial**

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e química de 4ºESO).
- Materias pendentes ou repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogos.
- Outros aspectos de importancia que poden afectar ao proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 4º ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

### **Criterios de cualificación**

O curso, en relación ás cualificacións, divídese en tres trimestres (ou avaliacións).

A cualificación dun trimestre realizarase do seguinte xeito:

1. Cualificación procedente de táboas de indicadores:

- Prácticas de laboratorio e elaboración de informe correspondente. Na táboa de indicadores terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao desenvolvemento da actividade no laboratorio e do 50% correspondente ao informe. A cualificación desta parte simbolízase por L. De facerse máis dunha práctica no trimestre, L será o resultado da media.

- En caso de realizarse algún proxecto de investigación, na correspondente táboa de indicadores, terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao documento producido e do 50% correspondente á súa presentación ou exposición. A cualificación desta parte simbolízase por I.

A cualificación (TI) desta parte no trimestre será:

$TI=(L+I)/2$  (no caso de haber proxecto) ou  $TI=L$  (no caso de haber só prácticas no trimestre).

2. Cualificación procedente de probas escritas:

- Realizarase unha proba escrita (control) a metade do trimestre, sobre os criterios de avaliación contemplados nesa parte do trimestre (entre unha e dúas unidades, máis a transversal). A cualificación desta parte simbolízase por C.

- Realizarase outra proba escrita (exame) ao final do trimestre, sobre os criterios contemplados na segunda parte do trimestre (unha ou dúas unidades, máis a transversal). (A cualificación desta parte simbolízase por E).

A cualificación (PE) desta parte no trimestre será:

$PE=0,5 \cdot C+0,5 \cdot E$

A cualificación do trimestre (T) será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):

$T=0,20 \cdot TI+0,80 \cdot PE$

Considerarase superado un trimestre se T é igual ou maior que 5,0.

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das tres cualificacións dos trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza).

## **Criterios de recuperación**

Se rematado un trimestre, T é menor que 5, o alumno ou alumna terá que recuperar dito trimestre. Neste caso, pódense dar dúas situacións:

- Trimestre non superado, con PE ou E maior ou igual a 5,0. Terá que recuperar a parte correspondente á cualificación TI. Esta recuperación poderá facerse mediante as prácticas ou proxectos pendentes por facer do curso (aínda que a cualificación do trimestre non varía).

- Trimestre non superado, con PE e E menor que 5,0. Pode conservar a cualificación TI e terá que realizar unha proba escrita (exame de recuperación). A cualificación desta parte simbolízase por ER. A cualificación do trimestre trala recuperación, TR, será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):

$$TR=0,20 \cdot TI+0,80 \cdot ER$$

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das cualificacións dos tres trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza) e considerarase superada a materia se este valor é igual ou maior que 5.

En todo caso, alumnado con todas as PE ou E, ou ben ER, maior ou igual a 5,0 e parte TI superada, terá a materia superada con cualificación mínima de 5.

Antes do remate do período ordinario do curso, de non superar a materia, o alumnado terá opción de recuperar de novo algún dos trimestres non superados, para logo ser avaliado nas mesmas condicións que trala primeira das recuperacións.

Rematado o período ordinario, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria que se realizará mediante proba escrita única sobre o total de criterios de avaliación contemplados durante o curso.

## **2º Bacharelato – Materias de Física e de Química**

### **Avaliación Inicial**

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de física e química de 1º de Bacharelato).
- Materias pendentes ou en repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar o proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, e co obxectivo de dispor dun perfil de aula desde una óptica DUA, poderanse realizar probas sinxelas, analizar exemplos resoltos total ou parcialmente, desenvolver tarefas que permitan medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 1º de bacharelato. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado a nivel individual e se fará un informe de avaliación das necesidades de aula desde un enfoque DUA.

### **Criterios de cualificación**

O curso, en relación ás cualificacións, divídese en tres trimestres (ou avaliacións).

A cualificación dun trimestre realizarase do seguinte xeito:

1. Cualificación procedente de táboas de indicadores:

- Prácticas de laboratorio e elaboración de informe correspondente. Na táboa de indicadores terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao desenvolvemento da actividade no laboratorio e do 50% correspondente ao informe. A cualificación desta parte simbolízase por L. De facerse máis dunha práctica no trimestre, L será o resultado da media.

- En caso de realizarse algún proxecto de investigación, na correspondente táboa de indicadores, terase en conta un peso na cualificación do 50% correspondente ao documento producido e do 50% correspondente á súa presentación ou exposición. A cualificación desta parte simbolízase por I.

A cualificación (TI) desta parte no trimestre será:

$TI=(L+I)/2$  (no caso de haber proxecto) ou  $TI=L$  (no caso de haber só prácticas no trimestre).

2. Cualificación procedente de probas escritas:

- Realizarase unha proba escrita (control) a metade do trimestre, sobre os criterios de avaliación contemplados nesa parte do trimestre (entre unha e dúas unidades, máis a transversal). A cualificación desta parte simbolízase por C.

- Realizarase outra proba escrita (exame) ao final do trimestre, sobre os criterios contemplados na segunda parte do trimestre (unha ou dúas unidades, máis a transversal). (A cualificación desta parte simbolízase por E).

A cualificación (PE) desta parte no trimestre será:

$PE=0,5 \cdot C+0,5 \cdot E$

A cualificación do trimestre (T) será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):

$T=0,10 \cdot TI+0,90 \cdot PE$

Considerarase superado un trimestre se T é igual ou maior que 5,0.

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das tres cualificacións dos trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza).

### **Criterios de recuperación**

Se rematado un trimestre, T é menor que 5, o alumno ou alumna terá que recuperar dito trimestre. Neste caso, pódense dar dúas situacións:

- Trimestre non superado, con PE ou E maior ou igual a 5,0. Terá que recuperar a parte correspondente á cualificación TI. Esta recuperación poderá facerse mediante as prácticas ou proxectos pendentes por facer do curso (aínda que a cualificación do trimestre non varía).

- Trimestre non superado, con PE e E menor que 5,0. Pode conservar a cualificación TI e terá que realizar unha proba escrita (exame de recuperación). A cualificación desta parte simbolízase por ER. A cualificación do trimestre trala recuperación, TR, será o resultado de aplicar a seguinte expresión redondeada ás décimas (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza):

$$TR=0,10 \cdot TI+0,90 \cdot ER$$

A cualificación final do curso será o resultado de facer a media das cualificacións dos tres trimestres e redondear ás unidades (en caso de equidistancia, o redondeo realizarase á alza) e considerarase superada a materia se este valor é igual ou maior que 5.

En todo caso, alumnado con todas as PE ou E, ou ben ER, maior ou igual a 5,0 e parte TI superada, terá a materia superada con cualificación mínima de 5.

Antes do remate do período ordinario do curso, de non superar a materia, o alumnado terá opción de recuperar de novo algún dos trimestres non superados, para logo ser avaliado nas mesmas condicións que trala primeira das recuperacións.

Rematado o período ordinario, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria que se realizará mediante proba escrita única sobre o total de criterios de avaliación contemplados durante o curso.